



TEXTO CONSOLIDADO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN TIPO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO O CONCELLO DE (nome do concello beneficiario < 20.000 habitantes), PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS QUE NON TEÑEN RECOÑECIDA A SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO MARCO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, OU DE TELA NON AS ASISTA O DEREITO DE ACCESO EFECTIVO Á AXUDA NO FOGAR, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI 39/2006, PARA O ANO 2016.

En Lugo, ____ de _____ de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. don Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, co CIF: P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no seu nome *don Álvaro Santos Ramos*, Vicepresidente Deputación Provincial de Lugo en representación desta entidade en virtude de delegación de competencias aprobadas por Resolución do 1 de xullo de 2016 (Decreto número 1357/2016).

E doutra, *don/dona (nome do representante do concello beneficiario)* con NIF *(NIF do representante)* que actúa en nome e representación do *Concello de (nome do concello beneficiario)*, con CIF: *(CIF do concello)* e sé social en *(endereço domicilio social)*, da provincia de Lugo, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante *don Manuel Castiñeira Castiñeira*, Secretario da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense representación e poder bastante para obrigarse nos termos do presente convenio, o texto do cal foi previamente aprobado polos seus órganos competentes, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que de conformidade co previsto nos artigos 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 101.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALG), a provincia ten como “fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social e, en particular:



- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.
- b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.”

Segundo.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Terceiro.- O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4º.-Principios xerais dos servizos sociais da LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

Cuarto.- De conformidade co previsto no artigo 60. *Competencias dos concellos*, da LSSG correspóndenlles a estes, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a competencia, entre outras, *da creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos*, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i da citada lei 13/2008, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, *a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal*.

Quinto.- Segundo o establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), o artigo 25.2 da LRSAL a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social xa non se inclúen entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias, en cambio, considerase materia de competencia propia municipal a avaliación e información, de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. En todo caso, e de conformidade co disposto no apartado 5 da Disposición Transitoria Segunda da LRSAL, *ata que se produza a asunción polas Comunidades Autónomas, os concellos deberán seguir prestando os mesmos servizos sociais que viña prestando antes da entrada en vigor da LRSAL*.



Sexto.- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece na súa Disposición Adicional Primeira as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á servizos sociais. Deste xeito, a disposición adicional cuarta da citada Lei galega, regula a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas a servizos sociais, establecendo que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da LRSAL, *continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica* e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

Sétimo.- As deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 31. *Competencias das deputacións provinciais* do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, así como, coa normativa citada de LRBRL, de LSSG e a LRSAL, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, *especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes, apoiando prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes*, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do citado Decreto.

Oitavo.- De acordo co artigo 11 da LSSG son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, a *xestión do servizo de axuda no fogar (SAF)*, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable. Así e en consonancia co principio de autonomía persoal e vida independente, entre outros, a LSSG recolle no seu artigo 20, o SAF, como un servizo ou actuación de natureza material ou tecnolóxica, cuxo obxecto é ofrecerlles un conxunto de *atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual*.

Noveno.- De conformidade coa Sección 3ª do citado Decreto 99/2012 o SAF é un *servizo público de carácter local* consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, o cal poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente,

supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

No servizo de axuda no fogar, *de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso*, poderán prestarse os seguintes tipos de *actuacións de carácter básico*:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.
- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- d) Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar., para os caso regulados no punto 3 do artigo 14 do Decreto 99/2012.

O servizo de axuda no fogar, *unha vez garantido o nivel básico de atención*, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de *actuacións de carácter complementario*:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía a domicilio.
- e) Servizo de fisioterapia a domicilio.

Décimo.- Dende o ano 2008 a Deputación Provincial de Lugo ven a cofinanciar o Servizo de Axuda no Fogar aos concellos de menos de 20.000 habitantes, para persoas autónomas que non tiveran recoñecida a



situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LPAPD), ao abeiro de diferentes convocatorias de subvencións en concorrencia competitiva.

Décimo primeiro.- De conformidade co artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL sinala que non se entenderán como exercicio de novas competencias, entre outras:

- A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- A modificación da regulamentación dos servizos, das súas modalidades de prestación ou da situación, deberes e dereitos das persoas usuarias consonte o artigo 297 da Lei 5/1997, cando leve consigo a realización de novas actividades prestacionais polos servizos xa establecidos ou, aínda que as leve consigo, non supoñan unha modificación substancial das condicións de prestación do servizo, da realización d actividade ou do seu financiamento, de acordo co establecido nesta lei, ou ben o seu exercicio non supoña a asunción de novas obrigas financeiras para a entidade local de acordo coa memoria económica xustificativa que deberá incluírse no expediente.
- A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997.
- O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997.

Décimo segundo. - De conformidade co artigo 88 da Lei 30/92 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAPC) sinala que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico.

Décimo terceiro.- De acordo co sinalado no artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, a Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin os medios económicos propios da mesma que se asignen. A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen



as circunstancias económicas dos municipios interesados. As formas de cooperación serán, entre outras, a suscripción de convenios administrativo

O artigo 111 do citado Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ós intereses públicos, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Décimo cuarto.- De conformidade co artigo 2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), aos convenios de colaboración entre Administracións Públicas non lle serán de aplicación a LXS cando as achegas dinerarias que teñan por obxecto financiar actividades cuxa realización obrigatoria polo beneficiario da subvención veña imposta por unha lei estatal o autonómica, segundo a cal sexa a Administración Pública concedinte.

Ase mesmo, non se entenderán comprendidos no ámbito de aplicación da LXS os convenios celebrados entre Administracións Públicas que impliquen unha contraprestación a cargo do beneficiario, así como, os convenios celebrados entre Administracións Públicas que os subscriban ostenten competencias compartidas de execución.

Décimo quinto.- De conformidade co artigo 4.c) Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), están excluídos do ámbito da citada Lei de contratos do Sector Público as seguintes relacións xurídicas: os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.

Décimo sexto.- De conformidade co acordo establecido o 27 de xuño de 2016 os voceiros do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial del Partido Popular, así como, o Deputado Provincial non Adscrito, no Pazo Provincial de Lugo, estableceron os seguintes criterios en materia de financiación para o SAF da provincia de Lugo para concellos de menos de 20.000 habitantes na anualidade 2016:

- a) Consignar orzamentariamente como mínimo a cantidade de 1.5000.000,00€ para o SAF, aplicándose como baremos para o cálculo do reparto os mesmos que para o POS e substituíndo a variable de esforzo fiscal por envellecemento da poboación.
- b) Na distribución dos fondos adicados ao SAF recolleranse un importe de axuda mínimo por Concello que será calculado tomando como base a mesma porcentaxe do crédito total



empregado que no POS (55%), resultando unha achega mínima por concello de 12.500,00€ e dividindo a cantidade restante entre o número de concellos beneficiarios, segundo os criterios do POS.

Décimo sétimo.- Que o presente convenio reúne as partes nun compromiso conxunto que vai dirixido ao desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Lugo e que non teñen recoñecida a situación de dependencia no marco da LPAPD, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de (nome do concello beneficiario), da Provincia de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo co obxecto de levar a cabo a *prestación do Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, isto é o SAF en libre concorrência.

O Servizo de Axuda no Fogar considérase, segunda a Sección 3ª do Decreto 99/2012, un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, o cal poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Ao abeiro do SAF, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.



- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- d) Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar., para os caso regulados no punto 3 do artigo 14 do Decreto 99/2012.

O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario, recollendo para este convenio:

- e) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- f) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de limitación temporal, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas, agás a teleasistencia e outras medidas complementarias a esta.

Entenderase como actuación do SAF financiable ao abeiro do presente convenio, calquera outra que se poda desprender do sinalado como actuacións pertencentes ao *SAF na modalidade básica* segundo o establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia, así como, as dúas modalidades complementarias enumeradas e) e f).

Segunda.- Gastos imputables ao convenio de colaboración

Considerase gastos imputables a este convenio, aqueles gastos correntes en bens e servizos necesarios e que de maneira indubitada respondan á natureza das actuacións derivadas da posta en marcha e desenvolvemento do *Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006*, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, na anualidade 2016. En todo caso, entenderase como custo efectivo do servizo, a cantidade resultante de restar ao importe total do mesmo a cantidade achegada polos usuarios do servizo e outras fontes de financiamento.

Terceira.- Compromisos das partes



Có fin de acadar o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, as partes asinantes acordan cumprir co presente acordo neste texto recollido, así como, a lexislación vixente na súa aplicación.

O Concello de (nome do concello beneficiario) comprométese a dar publicidade ao presente convenio e autoriza, coa sinatura do presente, á Deputación Provincial de Lugo, a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a condición de financiación do Servizo de Axuda no Fogar para persoas non recoñecidas como dependentes, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, no marco da LPAPD, pola Administración competente .

Ambas Administracións Públicas velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segunda a lexislación correspondente, para o cal poderán comprobar, verificar, investigar e inspeccionar os feitos, actos, elementos, actividades, estimacións e demais circunstancias que se produzan.

a. Obrigas do Concello (nome do concello beneficiario)

Poñer a disposición os recursos humanos e materiais necesarios para velar por un axeitado funcionamento do SAF , para persoas non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios.

O Concello terá a obriga de establecer as formas de xestión do SAF de libre concorrència , podendo prestar o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente en materia de contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Ase mesmo, deberá regular as modalidades e de acceso ao servizo por parte dos posibles beneficiarios/as, en aplicación dun baremo público, a intensidade na prestación do servizo, así como, a participación na financiación das persoas usuarias, tendo en conta o establecido na normativa vixente en materia de servizos sociais, especialmente no sinalado na LSSG, o Decreto 99/2012, e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia.



Facilitar toda aquela información relativa ao Servizo de Axuda no Fogar financiado pola Deputación Provincial de Lugo, para que dende esta entidade provincial se poda efectuar as laborais de control e inspección que se consideren oportunas.

b. Obrigas da Deputación de Lugo.

A. Deputación Provincial de Lugo se encargará de colaborar no financiamento das actuacións desenvolvidas no *Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, cunha achega máxima de _____ (_____,_€), a favor do concello de (*nome do concello beneficiario*), con cargo á aplicación orzamentaria 2314.462 do orzamento vixente desta entidade provincial, para a anualidade 2016.

Ase mesmo, a Deputación Provincial de Lugo deberá comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a condición de financiación do Servizo de Axuda no Fogar, no marco da LPAPD.

Cuarta.- Publicidade.

O Concello de (*nome do concello beneficiario*) comprométese a incorporar os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, nos soportes que aludan ou informen do *Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da LPAPD*, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, ao abeiro deste convenio, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), tendo que darlle publicidade á presente colaboración.

Quinta.- Anticipos.

As partes asinantes acordan que a Deputación Provincial de Lugo realice o aboamento anticipado do XX% (cun máximo do 90%) sobre o importe total da achega, é dicir, _____, _€, con dispensa de garantía e previa solicitude do Concello.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicite e obtivera a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, áchense declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, fosen declarados en quebra, en concurso de acredores, insolventes falido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, iniciar



expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos presentando solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres no seu caso non fosen rehabilitados.

Para o aboamento do devandito anticipo o Concello deberá achegar a seguinte documentación:

- Solicitude do anticipo co porcentaxe solicitado (máxime 90%).
- Fotocopia do CIF do Concello, así como, do DNI ou NIF da persoa representante do Concello.
- Declaración responsable do representante do Concello, que conteña os seguintes puntos:
 - Que está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda Autonómica, Deputación Provincial de Lugo, Seguridade Social e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Sexta.- Xustificación

O Concello acreditará ante a Deputación de Lugo, o gasto dos fondos achegados pola mesma mediante a presentación de certificado de aprobación de facturas ou certificacións de gasto válidos no ordenamento xurídico, sendo necesario que os mesmos se atopen pagados.

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o 100% do importe da actividade financiada, tendo en conta o establecido na normativa de contratos do sector público, así como, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito Servizo non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación Provincial de Lugo, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

O Concello estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como dende o Servizo de Benestar Social, e en todo caso, está obrigada a achegar a seguinte documentación para a xustificación do presente convenio:



- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, temporalización, número e listaxe completa de beneficiarios da acción con indicación das horas de servizo prestadas a cada usuario/a na anualidade correspondente.
- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterá:
 - Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade financiada ao abeiro do presente convenio, con identificación do acredor e documento, número de factura, importe e data de emisión e data de pagamento. Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e período mensual ou anual: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social a cargo da entidade. No caso de imputar a o presente convenio gastos correntes derivados das medidas complementarias, recollidas na cláusula primeira, apartados e) e f), deberá presentarse una declaración responsable do/a traballador/a social no que conste que estas medidas foron aplicadas unha vez garantido o nivel básico de atención.
 - Certificación expedida polo interventor ou secretario municipal do custo total da actividade financiada ao abeiro do presente convenio, indicando os importes do toda fonte de financiamento, acreditando que a relación clasificada de gastos atópase executada, e as obrigas recoñecidas e liquidadas polo órgano competente. Ademais, acreditará que o servizo obxecto deste convenio, foi realizado na súa totalidade co cumprimento das condicións que reflecten este convenio.
 - Declaración xurada do representante da entidade das axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Declaración responsable do representante do Concello, que conteña os seguintes puntos:
 - Que está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda Autonómica, Deputación Provincial de Lugo, Seguridade Social e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que asumiu o custo do IVE, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo, se é o caso.



- Certificación bancaria, expedida por responsable da entidade bancaria correspondente, do número de conta na que se procederá, unha vez tramitada e aprobada a documentación xustificativa do presente convenio, ao seu ingreso
- Acreditación, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou noutros soportes análogos da actividade financiada ao abeiro do presente convenio, dándolle publicidade ao mesmo, ou declaración responsable na que se faga constar que o Concello fixo constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo nas actuacións, e soportes, que se utilizaron na execución do presente convenio.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES 04 2080-0163-85-311000423. De non cumprirse esta obrigaón de xustificación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata na que se acorde a procedencia do reintegro.

O abono da achega, unha vez aprobada a xustificación da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo Concello de (nome do concello beneficiario).

Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No caso de que non se xustifique a totalidade da achega establecida neste convenio, se se considerara que se cumpriu coa finalidade para a que se financiou, procederase unicamente ó aboamento do importe de financiación efectivamente xustificada. En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación Provincial de Lugo minorárase proporcionalmente no caso de que o Concello (nome do concello beneficiario) non xustifique a execución da totalidade do importe comprometido pola Deputación de Lugo, unha vez descontado o importe achegado por outras fontes de financiamento, para a o *Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, no ano 2016. Por tanto, o custo total do servizo a financiar pola Deputación será o resultado do custo total do servizo menos o importe concedido por outras administracións ou entidades e o achegado por outras fontes de financiamento.

A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en



relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Sétima - Prazos de xustificación

O Concello terá a obriga de xustificar os fondos percibidos ao abeiro deste convenio, para elo dispoñerá do prazo de 3 meses a partir da finalización da acción ou comportamento obxecto deste convenio, cunha data límite establecida no 31 de marzo de 2017.

Transcurrido o prazo de xustificación da achega sen presentarse a mesma na forma establecida anteriormente, o persoal do Servizo de Benestar Social requirirá ao concello beneficiario para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles sexa presentada.

O incumprimento do prazo aplicable establecido para a xustificación dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada na conta da Deputación: ES 04 2080-0163-85-3110000423 e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata na que se acorde a procedencia do reintegro.

Oitava.- Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016, e concluirá no momento en que pola Deputación Provincial de Lugo se proceda á aprobación da xustificación achegada e ao aboamento do importe da correspondente achega.

Novena.- Comisión de Seguimento

De conformidade co disposto no artigo 6.3 da LRXAPC, para o control da execución deste Convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes da Deputación Provincial de Lugo e dous do Concello de (nome do concello beneficiario), sendo presidida a comisión polo Ilmo. Sr. don Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

Dita Comisión interpretará as dúbidas e resolverá as cuestións que se formulen durante o período de vixencia deste convenio.

O seu funcionamento se acomodará ao disposto no Capítulo II do Título II da LRXAPC.



Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso –administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4, suxeitándose ao establecido no artigo 6 e concordantes da lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co previsto nos artigos 187 e seguintes da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Décima primeira . Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

A resolución deste convenio non afectará ao desenvolvemento das actuacións específicas que se atopen en execución, que se manterán ata a súa total conclusión.

Poderán se causas de resolución as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia do convenio feita por calquera das partes en calquera momento, producindo efecto, salvo acordo noutro sentido, aos dous meses da súa notificación fidedigna.
- c) Por vontade dunha das partes por incumprimento grave de calquera das cláusulas do Convenio, notificando previamente a devandita vontade de resolución, ademais da necesaria continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, para non prexudicar a súa continuidade, producindo efecto, salvo acordo noutro sentido, aos quince días da súa notificación.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no neste convenio , asínano e rubrican por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O Presidente
P.D. Decreto nº1357/2016, de data 01/07/2016
O Vicepresidente

O/A alcalde/sa Presidente/a do
Concello de (nome do concello beneficiario)

Asdo.: Álvaro Santos Ramos

Asdo.: (nome do alcalde/sa)

O Secretario Xeral da Deputación

Asdo.: Manuel Castiñeira Castiñeira



DEPUTACIÓN DE LUGO